# ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

## CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 27 de agosto de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*. (DOG do 4 de setembro de 2026), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar**, SECTOR DE MESTRES/AS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 3 **mestres/as,** dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2024.

2.- O censo electoral de mestres/as está exposto a partir do 22 de outubro no taboleiro de anuncios da sala de xuntanzas do Centro.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 23 de outubro eata as 14'00 horas do día 2 de novembro.

4.- A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e os/as mestres/as de maior e menor idade, actuando este/a último/a de secretario/a.

5.- Cada docente fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous nomes** da lista de candidatos/as.

6.- O voto será directo, secreto e non delegable.

7.- Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén á fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **24 de novembro, ás 18:00 horas.**

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Boiro, 21 de outubro de 2026

O DIRECTOR DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Firmado por ***6948** JOSÉ GUSTAVO ROMERO (R: ****5406*) el día 21/10/2026 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016

Asdo.: J. Gustavo Romero García